

GALEGOS EN CATALUÑA

Manoel Carrete



Manoel Carrete Rivera (l'Hospitalet de Llobregat)

Avogado, historiador, doutorando en Historia contemporánea, vicepresidente de Irmandade A Nosa de Galiza no 2008, vicepresidenta da Federación de Entidades Culturais Galegas de Catalunya no 2009, secretario e tesoureiro do Coro Universitario Galego de Barcelona no 2001, presidente do Centro Galego de Barcelona dende o 2012 (2º entidade máis antiga da diáspora, fundado en 1892). Autor de: El Apóstol Santiago. La sombra del poder e icono de fe; La comunidad gallega en la sociedad argentina; Nós, os galegos; La gripe de 1918-1919 en la parroquia de la Seara- Lugo; Vida cotidiana en la parroquia de la Seara s. XIV-XVII; O século XVIII en Galicia; A familia Galega; Xenealoxía do couto da Seara; máis de cinco libros publicados do que cabe destacar "Máis que Nós, ninguén".

Relator en congresos internacionais como "Galicia: Éxodos y retornos", coa obra CENTRO GALEGO DE BARCELONA 1892; así como o Consellos da Galeguidade celebrados en Santiago, Montevideo e Santiago. Organizador en Barcelona das "Jornades sobre la Diàspora: Les persones i els models associatius a l'emigració". Director da revista Alborada (2007, 2012 e 2013), decana de todas as revistas publicadas en Europa e única en lingua galega; colaborador en máis de 17 cabeceiras de revistas de la emigración galegas v.g.: Parolar, Enxebre, Galicia no vallès, Xurdimento, Arxela, Lúa Nova, Renova Galicia, Vento do leste... Colaborador do terceiro programa en lingua galega máis antigo do mundo en radio teletaxi – Lonxe da Terra; e director do segundo programa en lingua galega máis antigo do mundo coma é Galiza no Vallès. Exdirector do programa Aires Galegos en Exa radio Barcelona.

Galegos en Catalunya

Manoel Carrete



129


Introducción

O estudo sobre a emigración galega en Catalunya pasa totalmente desapercibido para as comunidades receptoras e emisoras das migracións; só atopamos referencias sobre personaxes dispersos ou actuacións puntuais, pero en ningún caso un estudo sobre a totalidade da comunidade galega de Catalunya.

Bibliograficamente podémonos atopar con obras como: *Centro Galego de Barcelona, 80 anos de historia 1923-2003*, *Saudade: XXV anos de Historia, Escola de Gaitas e Danzas Toxos e Xestas (1977-2007)* etcétera; pero en ningún caso obras que fagan un estudo completo sobre o fenómeno migratorio galego en Catalunya. A característica principal desta bibliografía é que ou ben é de entidades culturais galegas determinadas ou ben posúen afirmacións erróneas, como as que se publican no libro *Centro Galego de*

Barcelona, 80 anos de historia 1923-2003, afirman que esta institución se funda alá polos anos vinte “cara a 1923¹” na “rúa Ataúlfo, onde tivo a súa primeira sede”; estas dúas premisas que son erróneas están incardinadas dentro das catro páxinas que ocupa todo o período que vai desde 1923 a 1948 desta sociedade².

A primeira característica que atopamos na obra anteriormente mencionada é que os autores desta son a propia Xunta Directiva, que en moitos casos descoñecían a historia da entidade dado que ninguén se molestou en agrupar a documentación desta. No período que vai entre 1923 a 1948 carecíase de toda documentación e ata se descoñecían as obras publicadas pola entidade como: *Unificación e diversificación das nacionalidades* (Conferencia no Centro Galego de Barcelona o 25 de xullo de 1932) de Portela Valladares ou a revista *Galicia en Cataluña* 1929-1931.



Cinguíndonos á documentación administrativa vemos claramente os erros dado que se conserva a acta fundacional do 7 de abril de 1892 con domicilio na rúa de l'Arc de Sant Agustí n.º 2, así como os estatutos,



renovacións de diferentes xuntas directivas, fotografías, certificados, diplomas etcétera. Tamén podemos facer referencia a *A emigración galega en Cataluña* da autoría de Olegario Sotelo Blanco³ ou *Galegos en Cataluña*⁴ da autoría de Manuel Rodríguez López; que tamén caen no mesmo erro de datar topográfica e cronoloxicamente a fundación da entidade máis antiga de Cataluña sen ter datos suficientes. Estes dous autores son cronistas da entidade e relatan as súas vivencias ou ben transcriben as vivencias dalgúns galegos/as, é dicir coñecen o presente ou un pasado próximo pero en ningún caso a historia da comunidade galega en Cataluña.

¹Centro Galego de Barcelona. *80 Anos de historia 1923-2003*. Barcelona: Editorial Ronsel para o Centro Galego de Barcelona, 2003.

²Centro Galego de Barcelona. *80 anos de historia 1923-2003*. Barcelona: Editorial Ronsel para o Centro Galego de Barcelona, 2003. Páxs.27-30.

³Olegario Sotelo Blanco. *A emigración galega en Catalunya*. Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1991.

⁴Manuel Rodríguez López. *Galegos en Catalunya*. Barcelona: Publicacións Centro Galego, 1985.

Doutra banda a Administración pública galega, en concreto, a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia en época do Sr. Manuel Luís Rodríguez, nun prólogo da obra *A inmigración galega á Andalucía atlántica* no século XX⁵ xa recoñecía un gran baleiro historiográfico nas “diversas rexións españolas” cando falaba de Andalucía e recordaba que só existían estudos de entidades centenarias e biografías de emigrados ilustres. A realidade é que a Administración pública ou os estudos universitarios galegos sobre a diáspora se centran unicamente no estudo de entidades centenarias e biografías de ilustres galegos en América; exceptuando raramente algunha biografía e claramente ningunha asociación cultural galega establecida no territorio estatal actual fóra de Galicia. Podemos atopar algún dato novo nas revistas producidas polas entidades galegas emigradas ou por algunha persoa diáspora preocupada pola colectividade que a rodea como poden ser os casos de Xosé Filgueira, presidente de Centro Galego Aturuxos de Castelló; Xosé Antonio Vilaboa, presidente da Federación Guipuscoana de Casas Rexionais; e poucos máis.



Para as distintas administracións públicas ou ata para as académicas os datos que se barallaban ata 2006 eran válidos aínda que fosen erróneos, dado que centran os seus estudos noutros tipos de migracións relegando a secundarias as migracións galegas de Cataluña. Para coñecer a historia da comunidade galega de Cataluña, partimos do primeiro contrato laboral que atopamos no arquivo do notariado de Barcelona, datado o 7 de xullo de 1391; unha das partes contractuais é María de Triacastela (provincia de Lugo) que traballará como ama de cría dunha viúva barcelonesa.

131

A emigración galega

Éxodo⁶, como se dunha maldición dos textos sacros se tratase, Galicia coñecía desde os seus inicios e en carnes propias a fuxida masiva do seu pobo a outras terras máis benignas. Os primeiros asentamentos importantes do pobo galego atopámoslos nas zonas fronteirizas con Galicia, aínda que na Idade Media tamén foi moi importante a colonia galega establecida nas

⁵Esmeralda Broullón Acuña. *A inmigración galega á Andalucía Atlántica no século XX*. Tórculo Artes Gráficas, S.A., 2008.

⁶Xosé Manuel Beiras. *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1972.

“estremaduras” como consecuencia da reconquista cristiá. Xa que logo podemos marcar tres liñas migratorias distintas na Idade Media:

**Zonas fronteirizas*: desde época inmemorial existen comunidades galegas asentadas en territorios que na actualidade non pertencen a Galicia.

**Camiño de Santiago*: as peregrinacións a Compostela iníciáanse no ano 950, ano no que se data a chegada do primeiro peregrino Godescalco, bispo de Le Puy-enVelay.

**Zonas reconquistadas aos musulmáns* (s. IX): estremaduras dos reinos católicos.



Chegada a Idade Moderna, baixo o reinado dos Reis Católicos, ábrese principalmente dúas novas vías migratorias. Por unha banda está Granada, que se converte noutro destino para os galegos como repoboadores das terras conquistadas logo da expulsión dos mouriscos e será a Alpujarra granadina onde se atope maior número de asentamentos. A outra vía establecerase en América, pero non será ata os séculos XIX e XX cando grandes continxentes de persoas enchan os buques que partirán dos portos galegos cara a un novo mundo do cal moitos non retornarán. Será neste período cando falemos dos maiores éxodos. Non temos que esquecer que tamén se envían galegos á conquista das Illas Canarias⁷.



⁷ Marcelino Martínez Morás. *Síntesis económica de Galicia*. Pontevedra: Tip. <<Faro de Vigo>>, 1958. Pág. 106.

O fluxo migratorio galaico cara a América compúxose inicialmente por só 70 individuos nos 4 primeiros anos despois do descubrimento, segundo as pescudas do correspondente da Real Academia Galega, Marcelino Martínez. Entre os primeiros 5.481 primeiros poboadores europeos en América entre 1493 e 1519 só 111 individuos eran galegos. Entre 1520 e 1539 só 193 dun total de 12.172. Entre 1540 a 1559 constan outros 73 galegos dun total de 9.044 habitantes novos e de 1559 a 1600 só 290 galegos. Estes datos son extraídos dos *Catálogos de pasaxeiros a Indias*. Podemos acabar co tópico da ruralidade do emigrante galego dado que máis do 58% pertencen a núcleos urbanos e semiurbanos e a pertenza rural ten unha cifra inferior ao 42%⁸.

No século XVI a Corte dos Austrias (1561) trasládase definitivamente a Madrid (establécese definitivamente 1606, como consecuencia do traslado da Corte a Valladolid polo Duque de Lerma). Será nese momento cando os galegos cambien todos os destinos peninsulares por ter un lugar na Corte que será o principal destino da Península ata chegados os anos do século XX, tendo en conta as migracións existentes e continuas, primeiro cara a Sevilla e despois a Cádiz.

As provincias galegas experimentaron unha inxente perda de poboación como consecuencia dos fluxos migratorios, aínda que o descenso da mortalidade catastrófica (mortes provocadas por pestes, guerras e fames negras na Idade Moderna) e un aumento da natalidade deu lugar a un gran crecemento demográfico. En 1591 a poboación galega cifrábase en 630.000 habitantes, en 1752 en 1.300.000 habitantes e en 1860 en 1.800.000 habitantes⁹.



133

En grandes liñas, o continente americano converteuse no principal destino dos éxodos galegos da época contemporánea e non cambiará esta situación ata os anos 60-70 do século XX, que é cando lle chega a quenda a Europa e o resto da Península como destino principal das partidas. Hai que ter en

⁸ Rey Castro, Ofelia: “Los aportes demográficos a América en los siglos XVI, XVII y XVIII” en: Galicia é América, Cinco Siglos de Historia. Concello da Cultura Galega. Coruña: 1993.


⁹ Fernández Cortizo, Camilo. “Galicia en el Antiguo Régimen” en: Galicia é América, Cinco Siglos de Historia. Concello da Cultura Galega. Coruña: 1993.

conta a gran dispersión xeográfica de Galicia. Segundo o Instituto Nacional de Estatística de 1960, posuía 32.415 entidades de poboación. Iso quere dicir que o territorio galego posuía 47,55 % das entidades de poboación do territorio español¹⁰; cada 100 hectáreas de terreo estaban ocupadas por unha media de 350 persoas fronte á metade de poboación que tiñan as mesmas hectáreas en Asturias, e contando a xeografía distinta da comunidade¹¹.

Os movementos migratorios teñen lugar principalmente como consecuencia de tres factores:

- *Eliminación de leis que prohibían a liberdade para poder emigrar no país de orixe.
- *Crise ou pobreza do país de orixe.
- *Condicións favorables no terreo económico-social do emigrante no país receptor.

Aínda que segundo Whelpley na súa obra *The Problem of the Immigrant*, expón a emigración como causa natural, económica, política e artificial, apártase bastante da realidade galega. Os tres factores anunciados anteriormente forman un conxunto que dá lugar a que a poboación descontenta poida abandonar a súa terra por outra que promete ser mellor e provoca así gran cantidade de desaxustes sociais, éticos, políticos... no país de orixe.



134

A crise ou pobreza en Galicia non era tanta como se podía pensar, dado que a gran dispersión da poboación daba lugar a que todo o territorio estivese explotado agricolamente dunha forma de autoabastecemento. A iso sumábanse traballos domésticos que producían beneficios extras aos do campo como teares ou alfares rudimentarios. Aínda así, a revista do

¹⁰ C. Lisón Tolosana. Antropología cultural de Galicia. Madrid: Ediciones Akal, S.A., 2004.

¹¹ MENSAJE de los EMIGRANTES EN AMERICA sobre el DESARROLLO ECONÓMICO de GALICIA. Buenos Aires: Centro Gallego de Buenos Aires, 1965. El Centro Gallego de Buenos Aires dirige el Mensaje pero a él se adhieren: Centro Lucense de Buenos Aires, Centro Pontevedrés, Centro Orensano, Centro Coruñés, Casa de Galicia, Agrupación A Terra, Agrupación Celta, Agrupación Galicia, Consello de Galiza, Irmandade Galega, A.B.C. Partido de Corcubión, Hogar Gallego de Ancianos, Hijos del Partido de Lalín, Centro Gallego de Avellaneda, Centro Gallego de Campana, Centro Gallego de Mar y Casa de Galicia de Rosario.

Instituto Agrícola Catalán *San Isidro* datada o 1 de maio de 1853, fai referencia ao campo galego así como á emigración:

¹²“*PRECARIA SITUACIÓN DE GALICIA*”



¿Qué más puede desearse para elevar un país al estado más floreciente? ¿Y por qué, pues con tales elementos es desgraciada Galicia? Porque sus costumbres y leyes de sucesión destruyen en cada familia y en un solo día, la riqueza reunida con hartas labores, cuidados y afanes: por esto dice con tanto acierto uno de los dignos presidentes de sus Juntas de agricultura: “Los bienes raíces de un padre se dividen entre los hijos, se subdividen entre los nietos, se destrozan entre los biznietos y se reducen a partículas impalpables en las generaciones sucesivas”.

He ahí, pues, el cáncer aniquilador de la prosperidad de Galicia, el destructor de su riqueza, el germen de disolución al cual no pueden resistir aunados, la riqueza del suelo, la inteligencia y la laboriosidad de sus habitantes.

La división ilimitada de la propiedad en Galicia, hasta el extremo de haber distritos en que ningún propietario puede lisonjearse de poseer una finca de dos fanegas de cabida, ha hecho tantos trozos de su suelo cuantas son las familias que contiene. Todo espíritu de asociación ha desaparecido. Dispersos los habitantes en caseríos o feligresías, cada padre de familia con su yunta, su yegua de vientre, su vaca o sus cerdos, no tiene más recursos que los réditos de estos, enervando así cada cual en su aislamiento, una parte de la fuerza y del crédito que reunidos podrían ser para el país inagotables manantiales de prosperidad.

De este modo atendid los campesinos a medios tan precarios, realizan anualmente y pagan entonces los gastos de cultivo, los abonos, la contribución y demás obligaciones, pero el menor accidente que altere tal

¹² REVISTA DE AGRICULTURA PRÁCTICA, ECONOMÍA RURAL, HORTICULTURA Y JARDINERÍA. Barcelona: Instituto Agrícola Catalán de San Isidoro, 1853.

regularidad les desconcierta y trastorna, y cuando por causas generales la penuria es común y no pueden hallar alivio en los recursos que les proporcionaran el crédito, los productos de las grandes propiedades y las variadas industrias que solo prosperan a su sombra, los unos no pueden auxiliarse a los otros, y la calamidad se hace desastrosa, sin que haya más medio de sustraerse a ella que el de la emigración o la muerte.

Colocada Galicia en tal situación y sin bastarse asimismo renueva el ejemplo de hambres acontecidas en los pueblos de la antigüedad, que los adelantos de la civilización habían hecho olvidar ¿Y quién al contemplarla afligida y al considerar la prosperidad de otros países aunque con menos recursos naturales, más ricos no obstante, más sobrantes y con abundantes medios para sobrellevar desahogadamente semejantes contratiempos, no abraza de una sola ojeada la causa principal de tan diversos resultados?

La división territorial en Galicia arruina los centros de riqueza que debían ser las columnas de su engrandecimiento, mientras favoreciéndolos otros países, se elevan y robustecen. Es la diferencia que existe entre las fuerzas disolventes y las constitutivas, entre los descompuesto y lo organizado, entre la resistencia parcial de las partes y la del todo, entre lo débil por el fraccionamiento y lo poderoso por la unión.

136



La gran propiedad, los grandes establecimientos fabriles, los grandes centros comerciales, son los únicos que en nuestra época pueden dar conveniente impulso a la riqueza pública, los que con sus caudales y su crédito organizan y promueven el trabajo,

llaman en su auxilio las artes mecánicas y enriquecen a los operarios, plantean los grandes inventos, atraen en torno suyo las ciencias, difunden la ilustración, perfeccionan las producciones, y en la infinitiva variedad de sus combinaciones especulativas, abastecen profusamente los mercados, haciendo imperceptibles o muy llevaderas al menos, escaseces análogas a las que actualmente sufre Galicia. Faltada esta de esos centros que dan

vida a todo lo existente en la marcha material e intelectual de los pueblos modernos, no ha podido resistir a un solo golpe de adversidad.

Tal estado de cosas que envuelve cuestiones altamente sociales para la felicidad de los gallegos, no solo es poderoso obstáculo a su presente bienestar, sino a su prosperidad futura; porque el género de vida y costumbres de aquellos campesinos, sin ver desde que nacen más que el campo en que viven, sin manejar más instrumentos que los aperos de labranza, y sin oír más conversaciones que las de sus padres, parientes y vecinos igualmente labradores, ha de mantenerles necesariamente en una situación estacionaria en los progresos del entendimiento; siendo a la vez la inamovilidad de la propiedad otra consecuencia lamentable pero natural y precisa, porque en llegando aquella a cierto grado de fraccionamiento general, desaparecen los medios de adquisición, de mejora, de todo progreso y hasta los de cultivo y conservación.

No podía presentarse ejemplo más elocuente que el de Galicia para amonestar a los que inconsideradamente han abierto un abismo de igual clase a la Nación entera, con los artículos relativos a los herederos forzosos, del nuevo código civil en proyecto, que por la irresistible ley del axioma, “iguales causas producen siempre iguales efectos” habría de aniquilar nuestra riqueza agrícola, industrial y mercantil, organizada bajo el benéfico influjo de leyes sabias y previsoras.

137

Si tal calamidad no se precaviese, si en vez de entrar en la resbaladiza pendiente de la división forzosa, no se favoreciese por el contrario, la formación de extensas propiedades y todo lo que debe conducir a la conservación de los grandes establecimientos en los demás ramos de la riqueza pública, inevitablemente llegaría la época en que habríamos de gemir en la inacción y en la miseria, y que las naciones filantrópicas abrirían suscripciones para socorrer a España hambrienta, como España ha de socorrer ahora a los desgraciados gallegos, dignos de toda consideración.

Ojalá que sus padecimientos no se aparten de la memoria de nuestros gobernantes, y sirvan a lo menos de correctivo, para impedir que no se falseen por su base los elementos de riqueza y prosperidad de nuestra patria.”



No texto subliñamos frases que se nos expoñen como o gran problema de Galicia por parte do Instituto Agrícola Catalán de San Isidoro, que basicamente consisten na división das propiedades na sucesión aos pais, conclúen que a única forma de acabar con iso “é a emigración ou a morte”. En Cataluña existe a figura xurídica do “Hereu” e da “Pubilla” sobre o “vinde” como formas de sucesión, aínda que o redactor do texto anteriormente transcrito descoñece o “vinculeiro galego”¹³ ou o dereito consuetudinario galego.

Na exposición de motivos da Lei 147/1963 do 2 de decembro de 1963 dise: *“O dereito a labrar e posuír, obxecto de título IV do proxecto, é unha institución de dereito consuetudinario de acordo coa que pode o pai elixir anticipadamente o fillo que o ha de substituír na explotación do patrimonio familiar. É, pois, unha mellora expresa ou tácita que tende a establecer a unidade da explotación agrícola a través da institución patrucial. Polo xeral, o alcance da mellora tende a conservar a casa patrucial, o lugar acasado que tanto lles custou ao labrador e aos seus antepasados adquirir, e que desexan que permaneza unido como base e soporte económico da familia rural”*.

138

Con esta exposición de motivos queda claro que existe de xeito consuetudinario, é dicir como costume histórico e xurisprudencial créase un tipo sucesorio similar ao que en Castela denominan “*mayorazgo*”. En Galicia ese vinculeiro mantense grazas á *traditio* proveniente do costume xermano moi propio do pobo suevo. José Pérez Porto, que foi decano do Colexio Notarial da Coruña, dicía que o costume xermano e a doutrina

¹³ Marcial Valladares Núñez. *Diccionario gallego-castellano*. Santiago: Imp. Seminario Conciliar, 1884. El que posee bienes vinculados; de vínculo, ó que fueron sujetos al perpetuo dominio de una familia.

*O día que nos casamos
plantou Luis un laranjeiro.
Hòje laranjas ja da
que còme o meu vinculeiro.*

romana se combinaban para dar lugar á figura de “patrucio” núcleo da sucesión da casa ou “lar”.

Xosé Manuel Beiras expón unha realidade das causas do atraso económico de Galicia unha delas é unha economía agrícola de subsistencia, como xa anunciáramos anteriormente, utilizando técnicas rudimentarias e estacionais dentro dunha organización socio-xurídica semifeudal; e recórdanos que o dereito consuetudinario galego no referente ao agro “ten por obxecto o evitar a desmembración da propiedade”, utilizando o que Martínez Risco chama “Formas consuetudinarias de loita contra o minifundio”¹⁴.



Martínez Risco, na súa obra *O Réxime xurídico da propiedade territorial na Galicia a través das súas institucións forais*, afirmanos que é certo o tópico dos minifundios galegos pero “que a nosa economía agraria conta cun centro vital de atracción en irradiación: a casa labrega, sede da familia, minúsculo astro en arredor do cal xiran as terras, os bens e os valores morais da familia campesiña galega”¹⁵.

139

Cunha situación de dispersión das entidades de poboación, unhas malas comunicacións, unha economía maioritariamente agrícola e de subsistencia, unha sociedade case feudal, leis impostas desde Madrid sen ter en conta o lugar de aplicación destas e outros tantos factores dan lugar á afirmación de D. Manuel Murguía:

“Non temos unha soa cidade populosa, porque todo elemento de riqueza se lles escatimou ás nosas



¹⁴José Manuel Beiras. *El problema del desarrollo en la Galicia Rural*. Vigo: Editorial Galaxia, 1967.

¹⁵Sebastián Martínez- Risco y Macías. *El Régimen jurídico de la propiedad territorial en la Galicia a través de sus instituciones forales*. Buenos Aires: Editorial Citania, 1958. Páx. 9 e páx. 13. Entre 1960 y 1977 fue presidente de la Real Academia Gallega, así como mantuvo gran amistad con D. Manuel Casado Nieto, presidente del Centro Galego de Barcelona entre 1954-1972.

poboacións durante tres séculos; sobre os nosos campos pesaron sempre tanto e tan duramente os impostos, que se pode dicir que pronto os veremos desertos. A emigración non é xa un mal pasaxeiro, e si unha necesidade. Ata hai pouco, só se ausentaban os homes: quedaban acá as mulleres traballando as súas herdades e eran o lazo indestrutible que unía ao emigrante á patria”¹⁶.




Tal afirmación cambia en poucos anos dado que a muller en solitario iniciará procesos migratorios transoceánicos e por iso xurdirán voces denunciando as inxustizas que se cometen contra esas emigrantes na terra de acollida. Na II Asemblea das Irmandades da Fala, que tivo lugar en Santiago en outubro de 1919, na conclusión n.º 23 dise: “Impedir a emigración da muller

galega, vergonzosamente explotada fóra da patria, nas Américas principalmente...”¹⁷

140

A EMIGRACIÓN GALEGA EN CATALUNYA: INICIOS

Barcelona caracterízase por ser unha terra de acollida, dado que se miramos a historia de Cataluña vemos que a maior parte das emigracións doutros territorios dos últimos séculos tiveron a capital de Cataluña como destino. Cataluña tamén foi un pobo emigrante pero en cotas ínfimas se o comparamos co pobo galego. Existen emigracións catalás milenarias pero que teñan como destino Galicia podemos datalas no ano 959 cando o primeiro emigrante catalán, do cal temos constancia, chega a Santiago de Compostela.



¹⁶Manuel de Murguía. *El Regionalismo Gallego*. Habana: Imprenta la Universal, 1889. Pág. 37

¹⁷Vicente Risco. *Teoría do Nacionalismo Galego*. Buenos Aires: Centro Galego- Centros: Coruñés-Lucense-Ouresán-Pontevedrés-Irmandade Galega, 1966.

Aínda que será no XVII e XVIII cando unha gran colonia catalá se establece en Galicia por cuestións mercantís, que van desde unha pequena tenda en Santiago a crear unha empresa pesqueira na Pobra do Deán. O cura de Fruime en 1781 xa facía multitude de referencias a estas inmigracións catalás en Galicia na súa obra¹⁸:

*“El Catalan los galones
Suelta, para guarnecerlos:
Castañin aras, y joyas,
que á Arnau la holanda encomiendo.”* (páx. 27)

*“Busco al rico Mercader,
Al caudaloso Aleman,
y busco al Frances Arnou
y al Catalan Masarnau.”* (páx.84)

*“Entendiólo bien Don Jayme¹⁹
Casalins: Dios le acreciente
la fortuna, y una esposa”* (páx.91)

*“Es catalán generoso,
exemplar de Mercaderes,”* (páx.92)

141

As peregrinacións a Santiago de Compostela abriron novos camiños aos fluxos migratorios xa que desde o ano 950, no que se data a chegada do primeiro peregrino Godescalco, bispo de Lle Puy-enVelay, non pararon. Desde a chegada do primeiro peregrino a Santiago só pasaron nove anos ata que chegou Cesáreo, fundador e abade do mosteiro de Santa Cecilia de Montserrat que se converteu no cuarto estranxeiro



¹⁸Diego Antonio Cernadas y Castro. *Obras en Prosa y Verso del Cura de Fruime. D. Diego Antonio Cernadas y Castro, Naturales de Santiago de Galicia. Tomo VII.* Madrid: Impresor de Cámara de S. M., 1781.

¹⁹Don Jayme era un comerciante catalán establecido en Santiago.

en chegar á cidade do Apóstolo. A chegada de Cesáreo non era só un acto de peregrinaxe, dado que foi a Compostela para asistir a un concilio de bispos galegos e leoneses e conseguiu que o recoñecesen bispo da provincia eclesiástica tarraconense que de pouco lle serviu dado que á súa volta se atopou coa oposición dos bispos cataláns e o arcebispo de Narbona.



No século XIII xa existían en territorios da coroa catalano-aragonesa certas organizacións para os viaxeiros que as atravesaban dado que é o pleno apoxeo do camiño de Santiago, por iso existía unha ruta de peregrinaxe por terra de ida e volta a Galicia desde Barcelona, así como por mar. Temos constancia de hai máis de sete séculos de galegos en Cataluña, cousa que é nova para a

historiografía galega dado que marca o inicio do fenómeno a finais da República ou principios do franquismo. Mostra desa migración galaica son os contratos de traballo María de Triacastela, anteriormente mencionado, e o de Domingo Pascual Pousa; non en balde, María pertence a unha das vilas polas que transcorre o camiño de Santiago como é Triacastela.

142

Partindo destes dous primeiros documentos atopados podemos ver unha nova corrente migratoria galega cara ao Mediterráneo, e máis concretamente cara a Barcelona, xa que será a Cidade Condal a residencia de ambos os traballadores; iso non quere dicir que existan máis traballadores galegos instalados en Cataluña, o que queremos é deixar constancia de que existen algúns xa no XIV e será despois do Concilio de Trento²⁰ cando se lles obrigue aos párrocos a levar un control a través dos *Quinque Libri* —bautizos, comunións, vodas, defuncións e demais— cando atopemos nomes galegos en parroquias catalás.

²⁰ Concilio de Trento que va 1545 a 1563. Los Libros Sacramentales o “Quinque Libri”, son los de bautismos, de confirmaciones, de matrimonio, de defunción y excomuniones; representan la documentación emanada por la función del párroco en la administración de los Sacramentos. En España empezó a llevarse a cabo a partir del decreto de aplicación dado por Felipe II el 12 de julio de 1564.



Chegados a este punto poderíamos encardinar no texto o poema “Casteláns de Castela” da egrexia poeta padronesa Rosalía de Castro²¹; pois o sentimento do Rexurdimento galego plasma nese poema o trato dispensado ao pobo galego emigrado a Castela, tanto a homes como mulleres que ata o século XVIII compartían unha emigración estacional á sega castelá²² así nolo recorda tanto Ricardo

²¹ Rosalía de Castro. *Cantares Gallegos*. Salamanca: Ediciones Anaya S.A., 1969.

*Castellanos de Castilla,
tratade [v]en ós gallegos,
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.*

*–Cando foi, iba sorrindo;
cando veu, viña morrendo
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.*

*Aquel máis que neve branco,
aquele de dosuras cheio,
aquele por quen en vivía
e sin quen vivir non quero.*

*Foi a Castilla por pan,
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.*

*Déronlle, en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo...
¡Castellanos, castellanos,
tendes corazón de ferro!*

²² Carmen Sarasúa. *Criados, nodrizas y amos. El servicio doméstico en la formación del mercado de trabajo madrileño, 1758-1868*. Madrid: Siglo XXI de España Editores S.A., 1994.

Carballo Calero ou González Besada²³ no seu discurso de recepción na Real Academia Española facían referencia a Saralegui cando falaban da “forza indomable da muller galega” que ata ían á guerra cos seus esposos en épocas antigas e que seguen realizando labores de campo.


O que fora deputado en Cortes, Augusto Barcia, falaba da sega castelá por parte dos galegos como “doutra clase de emigración”, unha emigración nacional. Normalmente os emigrantes eran homes novos que xa cumpriran os deberes co Estado, e normalmente agricultores. As mulleres emigran máis tardiamente, primeiramente acompañadas co esposo, pai ou irmán dado que emigra unha familia; e posteriormente elas soas fóra das ama de cría que as atopamos ao longo da historia como acabamos de ver no caso de María de Triacastela, emprendendo un camiño en solitario ou co bebé que acaba de nacer en brazos.



A historia da emigración galega iníciase a través dese camiño de peregrinacións de xentes como “segadores”, afiadores, vendedores de auga, mozos de corda, carreteiros...; oficios que pasaron desapercibidos pola contratación laboral acompañados inevitablemente do seu esquecemento histórico. As fontes documentais relixiosas a partir do Concilio de Trento (12 de xullo de 1564) achégannos multitude de nomes de orixe galega, pero deixamos de lado estas fontes dado que só nos servirían para facer un achegamento numérico aos suxeitos de orixe galega en territorio da coroa catalano-aragonesa na Idade Media e na Moderna; e centrar os nosos esforzos en establecer a situación social, económica, cultural... da colonia galega de Barcelona nos inicios do movemento asociativo. O economista francés Robert Marjolin marca uns límites no movemento migratorio que unha vez excedidos se converten na decadencia da terra de

²³ Augusto González Besada. *Discurso de la Real Academia Española en la recepción pública del Excmo. Señor D. Augusto Gonzalez Besada*. Madrid: Imprenta clásica española, 1916.

orixe; para Antonio López Prado²⁴ eses límites xa se excederon en 1968 e pedía solucións inmediatas para a situación creada²⁵. Marcelino Martínez, intendente mercantil, afirma que “*Galicia perde coa emigración*” pero serve “*para mitigar algunha miseria en Galicia*”.



Valentín Paz Andrade na súa obra *Galicia como tarea* preséntanos unha subdivisión da emigración:

- Emigración continental
- Emigración transoceánica.

Este autor tamén fai fincapé na existencia de importantes migracións internas do rural ao urbano dentro do territorio galego e da existencia de importantes colonias galegas no resto de España; pon como exemplo a cidade de Barcelona onde no ano 1957 se domiciliaron 1.153 galegos e galegas, onde 1.000 deles proveñen das provincias de Lugo e Ourense²⁶. A referencia ás comunidades galegas establecidas en varias cidades importantes do territorio español, non é unha nova para o autor, dado que cita a outros autores que recoñecían a existencia ao longo da historia desas comunidades. Martínez Morás afirmaba: “*E recórdese que os galegos non emigran ao estranxeiro soamente; marchan a Barcelona...*”²⁷

145

A EMIGRACIÓN GALEGA EN CATALUÑA: NACEMENTO DO ASOCIACIONISMO GALEGO EN BARCELONA.

"Els Tres Tombs" é unha romaría que ten lugar o 17 de xaneiro na honra a Santo Antonio Abade, patrón dos carreteiros que se celebra en case todas as vilas de Cataluña. Pero para os carreteiros de orixe galega en Barcelona será a advocación do Beato Sebastián de Aparicio



²⁴ Antonio López se licenció en derecho y fue comandante del ejército. Fué director del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses y presidente de la Coral Polifónica Follas Novas; además de ser secretario general del Banco de la Coruña.

²⁵ Antonio López Prado. *La Estructura Económica de Galicia*. En *Prespectivas de Galicia ante el segundo plan de desarrollo*. A Coruña: Instituto “José Cornide” de estudios coruñeses, 1969.

²⁶ Valentín Paz Andrade. *Galicia como Tarea*. Buenos Aires: Ediciones Galicia, 1959. Pág. 40.

²⁷ Marcelino Martínez Morás. *Síntesis económica de Galicia*. Pontevedra: Tipográfica <<Faro de Vigo>>, 1958. Pág. 112.

natural da Gudiña (provincia de Ourense), cando xurda o primeiro intento de asociacionismo galego-catalán. O Beato Sebastián de Aparicio foi un emigrante orixinario da Gudiña, en Ourense, que marchou cara a Estremadura de moi novo; anos máis tarde embarcou cara a América feito que deu lugar ao comezo da súa santidad xa que foi alí onde fixo gran fortuna amansando bestas e construíndo rodas e carros. Vestido con saio franciscano e de gran lonxevidade dedicou toda a súa fortuna a facer o ben a toda a comunidade creando o primeiro Asilo de Anciáns de México ao redor do ano 1550 ou ben doando gran cantidade de diñeiro a obras benéficas, entre outras. Tanta santidad impregnou a comunidade galega residente en México e deu lugar a que “A Real Congregación dos Naturais e Orixinarios do Reino de Galicia en México” traballase a prol da beatificación de Sebastián de Aparicio e lles presentase probas da súa santidad a Urbano VIII, a Clemente VIII e para rematar a Pío VI.

O 17 de maio de 1789 o Papa Pío VI decretou a solemne beatificación de Sebastián de Aparicio e anos máis tarde no convento de “Framenors” en Barcelona, acollen a imaxe do beato e convértena no patrón dunha escisión dos carreteiros de Barcelona que a día de hoxe continúan. Este feito é a primeira mostra do asociacionismo galego en Cataluña, máis concretamente en Barcelona dado que o resto da urbes catalás quedan fóra deste estudo tan pormenorizado.



146

Tamén podemos atopar membros da colonia galega da urbe barcelonesa baixo a advocación de Santiago Peregrino, sendo o gremio de sombreireiros de Barcelona quen estaban baixo a advocación de Santiago Matamouros e mantiñan unha capela para o Apóstolo na catedral da cidade. Este modelo asociativo relixioso non é novo para a emigración galega dado que o atopamos tamén en Latinoamérica, por exemplo a “Congregación do Apóstolo Santiago o Maior establecida en Bos Aires polos Naturais e Orixinarios do Reino de Galicia” fundada o 2 de setembro de 1787²⁸; a

²⁸ “Constituciones de la devota congregacion nacional del Glorioso Apostol Santiago el Mayor establecida en Buenos Ayres por los Naturales, Y Originarios del Reyno de Galicia- La devocion al Glorioso APOSTOL Santigao el Mayor és tan propia dela Nacion Gallega... 1ª. Constitucion Primera- De los Congregantes, sus qualidades, y admision [...] por Originarios se hán de entender los hijos, y Nietos de Padre, ó Madre Gallegos; y si estos hubiesen sido los Fundadores dela Congregacion, se entenderán tambien sus segundos Nietos.”

“Real Congregación del Apóstol Santiago” de 1747-1768, en México; ou outra análoga na Cuba como é a Sta. Hermandad de Santiago el Mayor Patrón de las Españas de los naturales y originarios del Reino de Galicia, de 29 de xaneiro de 1804. No caso español atopámonos ante a “Real Congregación Nacional del Apóstol Santiago el Mayor”²⁹.

*“Indulgencias y gracias concedidas por N.SS.MO. P.Benedicto XIV. A la Real Congregación Nacional del apóstol Santiago el mayor, único patrón de las Españas, compuesta de Naturales, y Originarios del Reyno de Galicia. y establecida en la Villa, y Corte de Madrid, baxo la Real Protección de nuestros Catholicos Monarcas.”*³⁰



O 14 de novembro de 1840 cando se funda a “Sociedade de Beneficencia Española de Tampico” a primeira asociación de emigrantes españois. En 1841 fúndase en Cuba a “Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Cataluña na Habana”, a diferenza da institución anteriormente mencionada esta atopámola dentro do territorio estatal. Os mecenas Antoni Font i Guasch e Josep Gener Batet foron os impulsores da primeira sociedade catalá na Habana, e o espírito

da dita sociedade recóllese no seu regulamento: “asociación puramente piadosa”, “pura caridade”, “moral e relixión cristiá”, “benéficas”... As leis españolas eran bastante restritivas á hora de deixar crear este tipo de asociacións e non é ata o 31 de decembro de 1871



El texto transcrito se extrae de libro de Horacio Guillermo Vázquez Rivarola. *A epopea do Terzo de galegos. Orixes, crónicas e protagonistas. Compilación de investigación*. Galicia: Xunta de Galicia, 2006.

²⁹ El cura Antonio López Ferreiro, que fué miembro de la Real Academia Gallega, relataba la existencia de esta Congregación; así como ésta remitió al cabildo de la catedral de Santiago varios ejemplares y teniendo en mente crear congregaciones subalternas en las 7 capitales de Galicia, en México, Manila y Lima. Referencia extraída de la exposición “Nós Mesmos” del Consello de la Cultura Galega.

³⁰ Copiamos una parte del texto para conocer uno de los principios más importantes de esta congregación, dejando de banda el tema religioso, es que reúne a los naturales de Galicia. Cada [/] hace referencia a cambio de línea y las numeraciones cambios de hoja como está en el original, está copiado literalmente. Una copia de estas Indulgencias está en la Biblioteca Nacional y otra es propia del autor, y son por el momento las dos únicas que se conocen.

cando nace a segunda sociedade de beneficencia en Cuba, a “Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Galicia”. Unha vez nomeadas as asociacións de tipo relixioso, as de socorros mutuos e as benéficas chega en momento de referirnos aos “Centros Galegos” que se converterán no tipo de asociativo máis característico da emigración galega. O primeiro en ver a luz foi o de Bos Aires e constitúese a partir do manifesto seguinte:

«El Centro Gallego de Buenos Aires viene simplemente, en uso de su libérrimo albedrío, a realizar el progreso en todas las esferas de la humana manifestación, girando en torno de sus propias conveniencias, que son las de la patria, y dando a ésta, en virtud de una ley física y social ineludible, esplendor y gloria. Galicia no olvida sus tradiciones, ni aun quiere hacer desaparecer la enseñanza de su historia heroica. Su evolutivo movimiento importa algo más que las conveniencias de localidad y familia; importa también prez y honra para nuestra querida España. Los gallegos que de ella vivimos alejados, que por ella suspiramos, queremos no dar aliento a los rigores con que nos maltrata el infortunio: por eso, para combatirlo, vamos a crear nuestra caja de Ahorros, por eso, para no dar incentivo, con nuestra apatía, a la diatriba de los extraños, y aun de los propios (¡vergüenza causa decirlo!) que desconocen nuestros antecedentes y cuya ignorancia acumula sobre ellos el colmo de necias preocupaciones, vamos a bañar el espíritu y a refrescar la mente en las aguas saludables de la enseñanza común, formando bibliotecas y levantando templos del saber; por eso, para no vivir separados unos de otros cual móviles sin luz ni vida, dirección ni brújula en el espacio, vamos a reunirnos en un centro determinante donde el joven como el anciano, el sabio como el de modestos alcances, el proletario como el hacendista vivan la existencia expansiva de la armonía y de la comunicación, discretamente alimentada por la protección que todos, de un modo simultáneo y recíproco, nos debemos, aquí, donde las pesadumbres son tan grandes y los medios de desterrarlas, tan débiles se nos ofrecen.

Con este propósito digno el Centro Gallego llama a sus comprovincianos, es decir aspira a que en los brazos de la recreación se mitiguen los pesares del ostracismo engendra; que por medio del capital acumulado, aprendamos virtudes de economía e insensiblemente labremos recursos suficientes para retornar a Galicia, haciendo así no estéril el fruto del trabajo, de la constancia y de la emigración; que el alcance de todas las inteligencias y de todas las fortunas estén las obras clásicas, modernas y

contemporáneas de nuestros escritores natos, sin exclusión de los tesoros que acumula generalmente el movimiento intelectual de España; que los socios concurran a las Escuelas nocturnas en pos de la instrucción para sus hijos y ellos mismos; que no arribe un solo gallego a las playas de esta República sin hallar al instante entre nosotros la familia; esto es, la sustitución de la que acaba de dejar y la protección debida a sus legítimas aspiraciones; y , por último que en su seno no sean jamás indiferentes las angustias de Galicia».

Neste ano 1879 apareceron os catro primeiros centros galegos de América Latina: Centro Gallego da Habana, Centro Gallego de Bos Aires, Centro Gallego de Montevide e, Centro Gallego de Corrientes. Será en 1892 cando aparezan o Centros Galego de Barcelona e posteriormente o Centro Gallego de Madrid.

A EMIGRACIÓN GALEGA EN CATALUÑA: FUNDACIÓN DO CENTRO GALEGO DE BARCELONA

Os movementos migratorios cara a Barcelona son moi fluídos dende os últimos decenios do século XIX ata principios do século XX, coma resultado da falta de man de obra para realizar os traballos de construción



que demandaba a cidade. Non só a Exposición Universal, iniciada por un galego como é Euxenio Serrano de Casanova, demandaba man de obra; senón que tamén as novas construcións que se estaban a facer no “Eixample” necesitaban traballadores da construción. Xunto cos peóns, oficiais... viñeron tamén carpinteiros, canteiros, xoieiros... e unha multitude de oficios que demandaba a nova corrente artística do momento como era o Modernismo. Levantáronse edificios, fontes, monumentos, hoteis, museos... desta época son a gran Fervenza da Ciutadella, o monumento de Colón, o Museo de Xeoloxía, o Arco de Triunfo, o Mercado do Born, o Gran Hotel Internacional (construído por Lluís Domènech i

Montaner nun tempo record de menos de 90 días, e podía albergar a 2.000 persoas), dotáronse de luz eléctrica as Ramblas e o Paseo Colón (1888)...



O crecemento de poboación que experimentou Barcelona nestas datas foi espectacular, pasouse de 272.481 habitantes en 1887 a 533.000 habitantes en 1900³¹, iso

foi grazas principalmente á chegada dos inmigrantes peninsulares e os emigrantes cataláns retornados da illa de Cuba (tamén doutras ex-colonias pero en menor medida). Ante esta situación económico-social xorden na cidade as primeiras asociacións de inmigrantes galegos e doutras zonas. A primeira asociación de galaica que temos coñecemento é o Casino Regional Gallego-Asturiano fundado en 1887, é una entidade recreativo-cultural onde o primeiro obxectivo da entidade é o recreo, e a cultura queda reducida a algún recital ou similar. A principal actividade dos casinos era facer bailes (entroidos, magostos...) e festivais estacionais (primavera...), en caso ningún era facer unha defensa da cultura nativa como se formula no tipo asociativo “centro”.

150



Baixo o tipo asociativo “centro” trátase de levar a cabo un equilibrio entre o recreo dos socios e a cultura (tanto da nativa coma a do lugar de acollida), ademais inclúese a asistencia sanitaria e a instrución de todos os asociados. O termo “centro” ten dúas variantes, unha restritiva e outra ampla. Se facemos utilización da aplicación restritiva do termo, só o Centro Galego e Asturiano da Habana, ou Centro Galego e Asturiano de Bos Aires... e

³¹ Fonte: *Historia de Barcelona. Desde su fundación al siglo XXI*. Ajuntament de Barcelona. El Periódico.

poucos máis cumprirían os fins, xa que só estes posúen: carácter recreativo-cultural, asistencia sanitaria e instrución.

E se facemos unha utilización ampla do termo “centro”, entón englobaría a moitas máis entidades, xa que só o fin social ten que cumprir a premisa de equilibrio entre o recreo e a cultura. Acolléndose a ese sentido amplo do concepto, abriron o camiño o Centro Catalán da Habana e o Canario, creados en 1885. Tanto o Centro Catalán e o Canario da Habana non tardaron máis de catro anos en desaparecer, cousa que non pasou co Centro Galego de Barcelona que fixo un amago de desaparecer o 7 de maio de 1903, segundo consta nunha inscrición á marxe no libro de inscrición de sociedades, pero non se levou a termo.

Así pois, o nacemento da sociedade Centro Gallego de Barcelona ten lugar cando se inscribe no rexistro de sociedades, o día 7 de abril do ano 1892; e meses máis tarde constitúese en Madrid outro centro galego (novembro de 1892). O Centro Galego de Barcelona, decano de todos os centros galegos de Europa, convértese na pequena embaixada galega de Cataluña e isto será así ata o último cuarto do século XX, que xorden unha morea de asociacións, grupos e outros diversos tipos de movementos asociativos galegos en Cataluña.

151



O nomadismo, os incendios (como o de 25 de xaneiro de 1939 ou o de 1978), as escisións (Centro Cultural Galego, Pazo Galeguista, Font Trobada, Hijas de Galicia, Peña Gallega, Casa da Troia, Rúa Gallega)... provocaron unha gran perda de

patrimonio documental, artístico, fotográfico etc. Estes feitos xunto coas diferentes ditaduras, restauracións monárquicas e a república provocaron un esquecemento da memoria social colectiva. Dende o día que se acordou

a creación do Centro Galego de Barcelona ata os anos corenta a situación de nomadismo foi unha constante na vida da sociedade, non foi ata 1992 grazas á axuda do Goberno galego polo que se mercou a sede social actual ao Señor Colsada, na que levaba de alugamento dende había máis de cincuenta anos.

Podemos constatar varios domicilios sociais da entidade como: Rúa do Arco de Sant Agustí, n.º 2; Rúa da Baixada de Sant Miquel, n.º 5; Passatge dels Banys; Condols, n.º 3; Escudellers, n.º 19; Rúa de Cervantes, n.º 1; Rúa Sant Pau, n.º 85; Rúa Mare de Déu del Pilar, n.º 17; Praza Real, n.º 18, principal e Rambla Caputxins 35-37. Como tronco común para falar do asociacionismo galego en Barcelona e en Cataluña é o Centro Galego de Barcelona xa que acollerá todas as asociacións existentes ata 1941; as principais serán Cantigas e Aturuxos, o Centro Cultural Galego, Peña Recreativa Cultural Gallega e Coro Lonxe da Terra.



Antes da Guerra Civil o Coro Lonxe da Terra identificábase coa República e o socialismo; Cantigas e Aturuxos coa monarquía; o Centro Cultural Galego co partido galeguista; o “Centro Galego: Casa de Galicia” coa República laica. No 1941 pasan todas as entidades ao Centro

Galego de Barcelona e queda o “Coro Lonxe da Terra” como o coro da entidade ata o día de hoxe. Dende o Centro Galego ata o Centro Cultural Galego, sofren a represión franquista xa que a documentación das entidades na súa maior parte é incautada, parte das persoas que compoñen as xuntas directivas son encarceradas, asasinadas ou teñen que exiliarse. Dende Juncal Verdulla, presidente do Centro Galego de Barcelona, que é encarcerado por masón; Portela Valladares, socio do Centro Galego de Barcelona, exiliado; Mercedes Núñez, encarcerada no cárcere de Ventas e despois no Campo de Exterminio de Ravensburg, vogal do coro do Centro Galego; María Luz Morales, encarcerada, presidenta do Centro Cultural Galego...

Mercedes Núñez



Dende 1941 o Centro Galego de Barcelona pasa como a única entidade galega existente en Cataluña ata 1958 que se funda Sociedade Recreativa Cultural Font-Trobada en Montjuïc e o Centro Cultural Gallego. E despois da creación destas fundaranse: Centro Galego de Tarragona, fúndase 1976; Irmandade A Nosa Galiza de Mollet, que xorde do programa de Radio



Miramar do Centro Galego chamado A Nosa Galiza; Centro Galego de Lleida, fúndase en 1977; Escola de Danzas e Gaitas Toxos e Xestas de Barcelona, fúndase en 1977; Grupo Nós de Sabadell, 17 de maio de 1978; Grupo Cultural Castelao de l'Hospitalet, 15 de maio de 1979; Rosalía de Castro de Cornellà, 21 de setembro de 1980; Irmandade Galega de Rubí, fúndase a mediados de 1980; Peña Galega de Castelldefels, que é parte do Centro Galego de Barcelona e fúndase en 1980; Agrupación Cultural Galega Saudade, fúndase en 1982; Irmandade Galega o Noso Lar, fúndase en 1982 en Terrasa; O Penedo Fogar Galego, fúndase en 1983 en Barcelona; Centro Cultural Airiños da Nosa Galiza, fúndase en Santa Coloma en 1983 A.C.G. Cova da Serpe, fúndase en 1985 en Barcelona; Casa Galega de L'Hospitalet, fúndase en 1987; Irmandade Galega de Sallent, fúndase en 1987; Federación de Entidades Culturais Galegas de Cataluña, fúndase 1988 en Barcelona; A. C. Galega Alborada da Llagosta, que xorde dunha escisión da Irmandade A Nosa Galiza en 1993; A. C. G. Agarimos de Badalona, fúndase en decembro de 1996.

153

Esta numeración de entidades son asociacións de carácter recreativo-cultural clásico, así como centros colaboradores ou con galeguidade recoñecida polo Goberno galego; tamén podemos atoparnos outras entidades pero con referentes asociativos diferentes, como grupos de teatro galego ou asociacións que unha única actividade como unha festa o unha cea anual. A día de hoxe a Federación de Entidades Galegas en Cataluña agrupa a maioría delas así como o grupo con máis asociados é o Centro Galego de Barcelona que está sito na Casa dos Güell nas Ramblas barcelonesas.

